

ADDENDA O ACORDO PARA A FORMACION DO GOBERNO DE GALICIA

As forzas políticas asonantes acordan propor ós seus Grupos Parlamentarios

1. SOBRE O FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

- 1.1 Nas Comisións Parlamentarias o PSdeG propondrá cinco membros e o BNG tres.
- 1.2 As Presidencias das Comisións Permanentes, agás a da Terceira Comisión, corresponderanlle ó PSdeG, cinco e o BNG, tres.
- 1.3 Os Grupos Parlamentarios presentarán unha Proposición non de Lei para a Reforma do Regulamento
- 1.4 A renovación dos órganos nos que participe o Parlamento, será obxecto do acordo

2. SOBRE A DISTRIBUCION DE RESPONSABILIDADES NO EXECUTIVO DE GALICIA

2.1 O PSdeG asumirá:

- A Presidencia da Xunta
- A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- A Consellería de Economía e Facenda
- A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- A Consellería de Sanidade
- A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
- A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentable
- A Consellería de Traballo

2.2 O BNG asumirá

- A Vicepresidencia de Relacións Institucionais e Benestar Social
- A Consellería de Industria, Turismo, Comercio e Innovación
- A Consellería de Cultura e Deporte
- A Consellería de Desenvolvemento Rural
- A Consellería de Vivenda e Solo

2.3 En relación coa actual estrutura da Xunta:

2.3.1 A Presidencia terá as actuais competencias e servizos e ademáis:

- a) a Secretaría Xeral de Política Lingüística, que integra a actual Dirección Xeral
- b) a Secretaría Xeral de Comunicación que integra a actual Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos, a Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual (sen perxuízo do que se regula no apartado 4 deste documento) e a Compañía de Radio Televisión de Galicia e Sociedades.
- c) a Secretaría Xeral para a Emigración que integra a actual Consellería de Emigración.

2.3.3 A Vicepresidencia integra:

- a) a Dirección Xeral de Relacións Institucionais
- b) a actual Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, agás a Dirección Xeral para o Deporte
- c) a Dirección Xeral de Servizos Comunitarios e Inclusión Social

2.3.2 A Consellería de Presidencia terá as actuais competencias, agás as correspondentes á Dirección Xeral de Relacións Institucionais que se integra na Vicepresidencia. Ademáis integra á actual Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local

2.3.4 A Consellería de Industria, Turismo, Comercio e Innovación terá as actuais competencias. Ademáis integra a Dirección Xeral de Turismo.

2.3.6 A Consellería de Desenvolvemento Rural terá as actuais competencias da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Integra ademáis a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

2.3.5 A Consellería de Cultura e Deporte terá as actuais competencias agás as Direccións Xerais de Comunicación e Audiovisual e de Turismo. Integra a Dirección Xeral para o Deporte.

2.3.7 A Consellería de Vivenda e Solo integra o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

3. RELACIONES COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

O nomeamento de Director Xeral da CRTVG será obxecto de acordo. Existirá unha Comisión Interdepartamental presidida polo titular da Secretaría Xeral de Comunicación e da que formarán parte representantes das Consellerías de Economía, Industria e Cultura que consensuará a política da Xunta en relación cos medios públicos e privados.

4. FOMENTO DA PRODUCCION CINEMATOGRAFICA, VIDEOGRAFICA, AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA

Nos orzamentos da Consellería de Cultura e Deporte existirá consignación económica para axudas á creación, produción e divulgación cinematográfica, videográfica, audiovisual e multimedia, sen prexuízo das axudas que poida conceder a Secretaría Xeral de Comunicación ou a CRTVG.
A dotación orzamentaria en 2006 será, alomenos, de cinco millóns de euros.

5. POLITICA LINGÜÍSTICA

Existirá unha Comisión Interdepartamental de Seguimento e Impulso do Plano Xeral de Normalización Lingüística, constituída por representantes das Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, de Cultura e Deporte, e das Secretarías Xerais de Comunicación e de Relacións Institucionais, presidida polo titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que consensuará o deseño e aplicación das políticas da Xunta neste eido.

6. AUSTERIDADE DA ADMINISTRACION

As forzas políticas asinantes asumen o compromiso de reducir a actual estrutura directiva da Xunta (Direccións e Secretarías Xerais) e o número de entes, fundacións, sociedades e institutos de carácter autónomo. Caso necesario, a redución dos organismos autónomos fariase na Lei de Orzamentos ou na Lei de Acompañamento.

En Santiago, o 23 de xullo do 2005

PSdeG
Emilio Pérez Touriño

BNG
Anxo Quintana